



Expediente número: PLN/2017/8

**Sesión Ordinaria 9/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 07 de setembro de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 08/2017 do 27/07/2017**
- 2. Toma de posesión como concelleiro de Javier Bastos Devesa.**
- 3. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito: 18/17.TC09/2017, 19/17.GC06/17, 20/17.GC07/17, 21/17.GC08/17 e 22/17.TC10/17**
- 4. Actividades de control do pleno.**
 - 4 . 1 Dar conta das resolucións de Alcaldía.**
 - 4 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 4 . 3 Mocións.**
 - 4 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da Alcaldía número 2.162/2017 con data do 04 de setembro de 2017, e sendo as vinte horas e cinco minutos do 07 de setembro de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo



Isaac Borja Araujo Figueroa
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noe Cano Correa
José Roberto Darriba Ferradás
Javier Bastos Devesa (Toma posesión punto 2)

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

GPM INDEPENDIENTE

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do concello, Ángel Santamariña Rivera; e actúa como secretaria, a secretaria do concello, Nuria Lobato Del Río, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

INCIDENCIAS:

- 1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.
- 2.- O alcalde fai un receso ás 21 horas e 30 minutos do expresado día reanudándose a sesión ás 22 horas.

ASUNTOS DA ORDE DO DIA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 08/2017 do 27/07/2017

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 8/2017 do 27/07/2017.

Formúlanse as seguintes observacións:

- 1.- O concelleiro Covelo Míguez onde formula as seguintes observacións que transcritas literalmente din:



- “9. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por un importe de 2.833,45 €

Onde di:

Votacións e Ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais de AER, PSG-PSOE e BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

Deberá dicir:

Votacións e Ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, cos votos en contra do grupo municipal de AER e as abstencións dos grupos municipais de PSG-PSOE e BNG estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

10. Aprobación da modificación do Anexo do Convenio Colectivo do persoal ao Servizo do Concello

Onde di:

A concelleira Amoedo Dasilva considera contraditoria a intervención do sr. González xa que di que votará a favor polos sindicatos pero non está de acordo.

Ao sr. Darriba dille que a proposta é o resultado do consenso cos sindicatos.

O Alcalde engade que as xuntanzas que deron lugar a este acordo eran entre os representantes do goberno local e os dos traballadores e que as que deron lugar a RPT participaron os grupos da oposición e tamén faláron deste tema.

Deberá dicir:

A concelleira Amoedo Dasilva considera contraditoria a intervención do sr. González xa que di que votará a favor polos sindicatos pero non está de acordo.

Ao sr. Darriba dille que a proposta é o resultado do consenso cos sindicatos.

A concelleira Amoedo Dasilva afirma que nunha mesa de negociación onde estaban os partidos políticos, asistindo ela a 4 ou 5 reunións destas, na que se falaba cos sindicatos sobre as horas extras, sobre como se tiñan que estudar e de que xeito.

O Alcalde engade que as xuntanzas (mesa de negociación) que deron lugar a este



acordo eran entre os representantes do goberno local e os dos traballadores e que foi nas que deron lugar a RPT onde participaron os grupos da oposición e os sindicatos e nela faláronse de moitos temas, non formalmente deste tema concreto.

O concelleiro Darriba Ferradás matiza que nas xuntanzas da RPT cando se propuña tocar o tema das horas extras a resposta era que non tocaba."

2.- O concelleiro Álvarez Castro formula as seguintes observacións que transcritas literalmente din:

- **Páxina 8 - Intervención M. Álvarez - 2º parágrafo**, onde di, *"sinala que xa no ano 2015 estaban..."* debe cambiarse o ano e quedar *"sinala que xa no ano 2016 estaban..."*

Páxina 8 - Intervención M. Álvarez - 3º parágrafo, onde di *"a sra Amoedo dixo que saldría practicamente gratis a humanización"* debería quedar rexistrado *"a sra Amoedo dixo que o colexio sería gratis"*

Páxina 10 - Intervención M. Álvarez - 3º parágrafo, onde di *"non lle darán o seu apoio"* debería ser substituído por *"solicitan a retirada do punto e de non ser así manifestarán o seu voto no momento oportuno".*

O alcalde reitera ao respecto o manifestado nas anteriores sesións sinalando que as modificacións unicamente se realizarán cando concorran erros materiais ou de feito sen prexuízo de que sexan recollidas as observacións que os concelleiros desexen realizar.

Sen máis intervencións ao respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación do borrador da acta núm. 08/17, da sesión ordinaria, correspondente ao mes de xullo, celebrada polo Pleno da corporación municipal o 27/07/2017 coa rectificación do erro material na data consignada na segunda intervención do sr. Álvarez advertido na folla núm. 08 da devandita acta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade do seus membros, coa rectificación do erro material advertido na páxina 08 da acta consistente en que onde di "ano 2015" debe dicir "ano 2016"



2. Toma de posesión como concelleiro de Javier Bastos Devesa.

Recibida da Xunta Electoral Central a credencial correspondente ao concelleiro JAVIER BASTOS DEVESA, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión para os efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo JAVIER BASTOS DEVESA toma posesión do seu cargo de concelleiro para todos os efectos.

3. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito: 18/17.TC09/2017, 19/17.GC06/17, 20/17.GC07/17, 21/17.GC08/17 e 22/17.TC10/17

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 18/2017.TC09/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 178,10 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía con data do 21.07.2017

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 19/2017.GC06/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 26.322,94 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía con data do 11.08.2017

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 20/2017.GC07/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 88.365,26 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía con data do 14.08.2017

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 21/2017.GC08/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 50.000,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía con data do 21.08.2017

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 22/2017.TC10/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 4.519,70 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía con data do 23.08.2017

O Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

4. Actividades de control do Pleno.

4 . 1 Dar conta das resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda decatado das resolucións da Alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestionada.

4 . 2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.



4 . 3 Mocións.

4.3.1. Moción do GPM do PSdeG-PSOE sobre a merca dun edificio en Chapela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do PSdeG-PSOE do día 31.09.2017 con número 2017-E-RE-466 que se transcribe a continuación:

“No pasado mandato, o PP de Redondela pretendeu comprar o edificio ilegal de Chapela sito na Finca da Puntela e agora, utiliza a presión aos colectivos no Consello Parroquial de Chapela debido á merma de espazos do concello pola ampliación da AP-9. O intento de legalización e interese en dita obra, remóntase á moción de censura promovida polo PP en 1996 cando un dos tráfugas estaba vinculado a dito edificio. Paralelamente á presentación da moción de censura, provocaron un pleno extraordinario, o 9 de agosto de 1996, cun único punto do día “solicitud da Comunidade de Bens Rodríguez e Mosquera, relativa á aprobación inicial da modificación puntual especial de reforma interior de Chapela-Redondela” presentado polo PP e asinado polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Puch Casal e polo concelleiro independente nese tempo, Sr. Alonso Lemos, que posteriormente pasou ao PP de Redondela. Un ano despois, cos votos do PP e dos tráfugas realizáronse unhas modificacións sen informes pertinentes no PXOM que se estaba a tramitar onde tiña cabida o edificio de Chapela paralizado dende 1994 por non axustarse á licenza urbanística.

A voceira do PP de Redondela, concelleira de urbanismo e antiga secretaria de Amado Ricón cando fixo a moción de censura, María Carmen Amoedo, en múltiples declaracións só se refire á ilegalidade da obra de dito edificio no caso da altura debido a que sobrepasou a prevista inicialmente na súa licenza. Pola contra, o edificio ten máis afeccións xa non só pola altura, senón tamén polo volume debido á cercanía do río e a autoestrada. É dicir, está afectado por tres entes de distintos niveis: Urbanismo do concello de Redondela, Augas de Galicia da Xunta de Galicia e no referente ao estado polo Ministerio de Fomento. A isto último, habería que sumarlle que coa ampliación da AP-9 e aumento de liña de afección, amplíase a parte de edificio ilegal.

No Consello Parroquial de Chapela celebrado este ano, o PP levou na orde do día a “adquisición por parte do Concello do edificio da entrada a autoestrada”, unha aprobación sen estudos previos cando os informes existentes no concello apuntan á ampla ilegalidade do edificio. Días posteriores a celebración deste Consello, a voceira do PP faltou a verdade na prensa cando minimizaba a ilegalidade do edificio, así como oculta o verdadeiro punto que levaron ao consello parroquial.

O PP de Redondela está a premiar a certo sector fronte á veciñanza de Chapela. Cabe destacar que cando o PP de Redondela ordeou derrubar unha bufarda en Chapela, o concelleiro do PP de Redondela, Arturo González, afirmaba que o concello limitabase a “cumprir a normativa”. Pola contra, o PP non está a cumprir a



normativa cando quere premiar coa compra do edificio de Chapela o incumprimento das licenzas urbanísticas e consecuentemente, as normativas urbanísticas do Concello de Redondela iguais a toda a nosa cidadanía.

Ao PP de Redondela non lle interesan os colectivos, nin fan defensa destes, só fan defensa das `débedas persoais`. A día de hoxe, o PP está a incumprir unha moción aprobada pola oposición no pleno co obxectivo de dotar dun espazo compartido aos colectivos do centro de Redondela cando existen bastantes espazos infrautilizados no centro da vila. Tamén, non estudaron alternativas á perda de espazos dos colectivos de Chapela, coñecendo con bastante tempo a problemática e levando gobernando máis de 6 anos, tempo máis que de sobra para poder levar a cabo algunha xestión ou estudo con alternativas.

Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes
ACORDOS:

1. Que o Concello de Redondela non compre ningún edificio ou edificio en construción que non se axuste á licenza urbanística."

INTERVENCIONS:

O sr. Cabaleiro le a moción xustificándoa no seus propios termos.

O sr. Fojo Durán sinala que a situación que resulta descrita na moción é un exemplo da política urbanística do goberno do Partido Popular e o considera como un intento de legalizar un edificio contrario á norma polo que amosa o seu apoio á moción.

O sr. González Campo dá a benvinda ao novo concelleiro da corporación. Respecto da moción amosa a súa preocupación pola situación ilegal descrita na moción e considera que se pretende con isto perpetuar unha situación ilegal responsabilizando ao alcalde xa que é o órgano competente para a merca do ben inmoble á que fai referencia.

Critica que leve un asunto desta envergadura ao consello parroquial e o considera como un intento de dividir a veciñanza da parroquia de Chapela e as asociacións afectadas.

O sr. Cano Correa considera erróneo que a moción se remonte, na relación dos feitos que contén, ao ano 1996 cando en realidade, considera, que a orixe deste



asunto se remonta ao ano 1992 no que se tratou de obter a correspondente licenza urbanística. Por outra banda, no ano 1994 o concello firma cos promotores un convenio urbanístico para a modificación do Plan especial de reforma interior ao que quedaba afectada a finca e poder legalizar a construción.

Está de acordo coa manifestación feita polo sr. Campos respecto da intención do Goberno municipal de manipular as asociacións e de dividir a parroquia con este asunto levándoo ao consello parroquial sen solicitar informes previos.

Considera que con carácter previo deberá legalizarse a construción existente e despois, se é o caso, tratar de mercalo.

Presenta unhas emendas á parte propositiva do acordo do seguinte xeito:

1º. Que o Concello de Redondela non compre o edificio ilegal situado na Finca da Puntela en Chapela.

2º.- Que o Concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación por incumprimento da licenza inicial concedida.

Remata a súa primeira intervención considerando que o desleixo dos gobernos socialistas, de coalición co BNG e do actual goberno do PP fan que nos atopemos nesta situación.

A sra. Amoedo Dasilva acusa ao GPM socialista de mentir na moción con descaro e considera que a parroquia de Chapela merece unha explicación do grupo socialista do porque, nada máis retomar a Alcaldía, foron quen de buscar unha solución para legalizar a edificación á que se refire a moción e de firmar un convenio urbanístico, onde o sr. Rey, xustificaba o mesmo no interese legal "sen observar impedimentos legais" e por mor do interese xeral.

Considera que o grupo socialista non viu o expediente.

Diríxese ao sr. González Campos e dille que cando gobernan fan unha cousa e na oposición din a contraria o que demostra que non ten proxecto para Redondela. Ao respecto manifesta que intentaron varias veces a sinatura de convenios urbanísticos e, no ano 1996, no mesmo día no que se celebrara o Pleno, onde se incluía o mesmo tiñan un informe técnico onde se lles advertía das consecuencias do mesmo.

Remata recordándolle que no ano 2010, o alcalde accidental, representante do BNG, no goberno bipartito, pretendeu a aprobación conxunta da modificación do PERI, onde quedaba afectada a finca onde se sitúa a edificación, aproveitando a tramitación do PXOUM.



O sr. Cabaleiro Couñago considera que a sra. Amoedo vive no pasado sen importarlle o presente e lles acusa de non facer xestión para dispor dunha alternativa para o espaxamento e lugares de lecer en Chapela e acusa ao Goberno popular de ter presentado un programa electoral baleiro.

Resposta ao sr. Cano manifestando que no ano 1994 houbo unha orde de paralización do edificio e dille que no expediente non atopará ningún asunto “sucio” que vincule ao PSOE. É certo que no expediente obran informes técnicos por que o goberno socialista pide que toda actuación se axuste á lei .

Considera que o edificio non é idóneo para a súa adquisición polo concello por moitas razóns, entre elas, pola proximidade dunha vía de alta capacidade e por non tratarse dun espazo que permita garantir unha zona de espaxamento amplía, axeitada e preparada que é o que o goberno socialista trataba de acadar.

O sr. alcalde pregunta ao grupo socialista se aceptan as emendas formuladas polo sr. Cano á proposta de acordo contido no texto da moción e fai unha primeira chamada ao orde ao sr. Cabaleiro.

O sr. Cabaleiro sinala que a emenda relativa ao segundo punto a aceptan pero a primeira non.

Se abre unha segunda quenda de intervencións.

O sr. Fojo Durán reitera o manifestado na súa primeira intervención.

O sr. González Campos considera que o grupo de AER fai un relatorio histórico pero non se manifesta a favor ou en contra da merca mentres que o BNG deixa clara a súa postura. Engade que falou cos colectivos e deixou clara a súa postura neste asunto polo que considera que é o alcalde o que xera o conflito levando a proposta ao consello parroquial.

Remata manifestando que a sra. Amoedo non explica as razóns polas que interesaba a merca do edificio e están creando un conflito en Chapela.

O sr. Cano Correa considera que coas emendas proposta quedou clara a postura do grupo de AER contra a merca do edificio. Di que o Goberno non explica cal é o procedemento que vai a seguir na merca do edificio.

Diríxese ao grupo socialista para salientar que antes de paralizar a obra, asinaron o convenio urbanístico.

Remata manifestando que hai outras moitas alternativas de adquisición de



inmubles que permitan responder ás demandas dos colectivos de Chapela e AER non participará en ningún procedemento de especulación urbanística e considera que este edificio é un expoñente de feísmo en Redondela.

O sr. alcalde intervén para explicar que non existe incoado ningún procedemento relativo á adquisición do inmovible ao que fai referencia a moción.

O alcalde fai unha chamada de atención ao público da sala e rógalles que permanezan en silencio para garantir o desenvolvemento da sesión.

A sra. Amoedo Dasilva considera que á oposición lle molesta que o goberno faga cousas por Chapela.

Considera que o sr. Cabaleiro é descoñecedor do expediente administrativo xa que a realidade e que o goberno socialista tratou de legalizalo ata tres veces e recordalle que o carril de aceleración sempre estivo ao carón da finca e dispuxo dunha licenza outorgada polo goberno socialista e convenios asinados polo goberno socialista e polo goberno bipartito do PSOE e do BNG.

Acusa a oposición de desinformar.

Respecto dos motivos de levar este asunto ao consello parroquial resposta que foi unha asociación a que solicitou tratar o asunto para determinar as posibilidades de que o edificio se legalice e sexa empregado para cuestións municipais.

O sr. alcalde fai unha chamada a orde ao sr. Cabelero.

O sr. Cabaleiro Couñago di que é a sra. Amoedo a que descoñece o expediente. Reitera que os colectivos necesitan espazos e o Goberno municipal non ten capacidade de xestión para dotarlles destes espazos.

O grupo socialista pretende coa moción evitar perpetuar o feísmo urbanístico e que toda actuación se axuste á legalidade e considera que Redondela non progresa.

A sra. Amoedo Dasilva pide a palabra por alusións.

O sr. alcalde resposta que non aprecia alusións que permitan unha terceira intervención da sra. Amoedo.

Non se producen máis intervencións ao respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do grupo PSdeG-PSOE sobre a merca dun edificio en Chapela, presentada por RE núm. 2017-E-RE-466 de data 31.09.2017, coa emenda aceptada polo grupo socialista presentada polo grupo AER relativa ao segundo punto da proposta de acordo



contida na mesma.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría absoluta dos presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 9 abstencións do PP, do seguinte xeito:

1º. “No pasado mandato, o PP de Redondela pretendeu comprar o edificio ilegal de Chapela sito na Finca da Puntela e agora, utiliza a presión aos colectivos no Consello Parroquial de Chapela debido á merma de espazos do concello pola ampliación da AP-9. O intento de legalización e interese en dita obra, remóntase á moción de censura promovida polo PP en 1996 cando un dos tráfugas estaba vinculado a dito edificio. Paralelamente á presentación da moción de censura, provocaron un pleno extraordinario, o 9 de agosto de 1996, cun único punto do día “solicitud da Comunidade de Bens Rodríguez e Mosquera, relativa á aprobación inicial da modificación puntual especial de reforma interior de Chapela-Redondela” presentado polo PP e asinado polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Puch Casal e polo concelleiro independente nese tempo, Sr. Alonso Lemos, que posteriormente pasou ao PP de Redondela. Un ano despois, cos votos do PP e dos tráfugas realizáronse unhas modificacións sen informes pertinentes no PXOM que se estaba a tramitar onde tiña cabida o edificio de Chapela paralizado dende 1994 por non axustarse á licenza urbanística.

A voceira do PP de Redondela, concelleira de urbanismo e antiga secretaria de Amado Ricón cando fixo a moción de censura, María Carmen Amoedo, en múltiples declaracións só se refire á ilegalidade da obra de dito edificio no caso da altura debido a que sobrepasou a prevista inicialmente na súa licenza. Pola contra, o edificio ten máis afeccións xa non só pola altura, senón tamén polo volume debido á cercanía do río e a autoestrada. É dicir, está afectado por tres entes de distintos niveis: Urbanismo do concello de Redondela, Augas de Galicia da Xunta de Galicia e no referente ao estado polo Ministerio de Fomento. A isto último, habería que sumarlle que coa ampliación da AP-9 e aumento de liña de afección, amplíase a parte de edificio ilegal.

No Consello Parroquial de Chapela celebrado este ano, o PP levou na orde do día a “adquisición por parte do Concello do edificio da entrada a autoestrada”, unha aprobación sen estudos previos cando os informes existentes no concello apuntan a ampla ilegalidade do edificio. Días posteriores a celebración deste Consello, a voceira do PP faltou a verdade na prensa cando minimizaba a ilegalidade do edificio, así como oculta o verdadeiro punto que levaron ao consello parroquial.

O PP de Redondela está a premiar a certo sector fronte á veciñanza de Chapela.



Cabe destacar que cando o PP de Redondela ordeou derrubar unha bufarda en Chapela, o concelleiro do PP de Redondela, Arturo González, afirmaba que o concello limitabase a “cumprir a normativa”. Pola contra, o PP non está a cumprir a normativa cando quere premiar coa compra do edificio de Chapela o incumprimento das licenzas urbanísticas e consecuentemente, as normativas urbanísticas do Concello de Redondela iguais a toda a nosa cidadanía.

Ao PP de Redondela non lle interesan os colectivos, nin fan defensa destes, só fan defensa das `débedas persoais`. A día de hoxe, o PP está a incumprir unha moción aprobada pola oposición no pleno co obxectivo de dotar dun espazo compartido aos colectivos do centro de Redondela cando existen bastantes espazos infrautilizados no centro da vila. Tamén, non estudaron alternativas á perda de espazos dos colectivos de Chapela, coñecendo con bastante tempo a problemática e levando gobernando máis de 6 anos, tempo máis que de sobra para poder levar a cabo algunha xestión ou estudo con alternativas.

Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes
ACORDOS:

Que o Concello de Redondela non compre ningún edificio ou edificio en construción que non se axuste á licenza urbanística.”

2º Que o Concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación por incumprimento da licenza inicial concedida.”

A sra. Amoedo Dasilva explica a abstención do grupo popular sinalando que o acordo non pode recoller non facer algo que por lei non pode facerse por non ser legal .

O alcalde chama a orde ao sr. Álvarez Castro.

4.3.2. Moción do GPM do BNG sobre a cesión do CEIP Igrexa ao Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do Bloque Nacionalista Galego do día 21.07.2017 con número 365 que se transcribe a continuación:

“A parroquia de Chapela, a de maior número de poboación do Concello de Redondela, polas súas especiais particularidades tanto habitacionais, orográficas,



das propias dinámicas internas, de afeccións de distintas infraestructuras,... demanda continuamente novos equipamentos, co fin de dar reposta ás diversas dinámicas e iniciativas dos diferentes colectivos.

Desenvolvendo o seu labor nesta parroquia constituíronse ao longo dos anos, asociacións e agrupacións culturais, de carácter social, A.VV., Comunidade de Montes, entidades deportivas de distinto tipo. En Chapela, tamén se sitúan diversas infraestructuras de carácter deportivo, un pavillón e un centro acúatico; educativo, tres colexios de infantil e primaria e un instituto de secundaria. Dende hai uns anos, desenvolve o seu labor unha unidade de servizos sociais. O Multiusos, oferta diversas actividades ademáis de acoller outras moitas de todo tipo: dende biblioteca, ata auditorio, sá de exposicións, aulas para diferentes actividades.

Enfróntase así o Concello á responsabilidade de prestar servizo a uns 9.000 habitantes, que viven nesta parroquia. Unha das maiores demandas, que no presente estanse a prantexar, consiste na dotación e cesión de locais de calidade para diversas entidades culturais e sociais que desenvolven a súa actividade principalmente na parroquia.

Por outra banda o CEIP Igrexa, con 50 anos dende que empezou a prestar servizo educativo en Chapela, vai quedar desafectado da actividade docente, en pouco menos de dous anos, como consecuencia da construción do novo, na denominada Finca Ginaria. Cómpre recordar que o colexio xa sufríu parte da expropiación da autoestrada no ano 1975. Na actualidade ocupa unha superficie duns 1.800 metros cadrados, con arredor de 1.900 construídos. No edificio educativo, ubícanse 9 aulas, ximnasio, sala de mestres e mestras e edificio administrativo. Antigas vivendas dos mestres e mestras, ubícanse igualmente nesta parcela. Na actualidade escolarízase a 85 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Educación Primaria.

A construción do novo colexio Igrexa, vai supoñer, que o actual edificio, e os terreos nos que se atopa ubicado, pasen a mans da concesionaria da explotación da autoestrada AUDASA, para seren transmitidos ao Ministerio de Fomento. O acordo de marzo de 2015, recolle igualmente a demolición dos edificios.

A demanda de distintas asociacións e colectivos que desenvolven a súa actividade en Chapela, implica a adopción de novos acordos por parte da corporación municipal. As entidades e o propio Concello de Redondela, poderían verse beneficiadas "rendabilizando" estes edificios.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que non se pode desaproveitar a ocasión para que esta infraestructura supla en parte as carencias para locais municipais. Cómpre pois, poñerse a traballar para que o CEIP Igrexa pase ao mans do Concello de Redondela.



Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes **ACORDOS**.

1. Instar ao alcalde-presidente do Concello de Redondela, para que negocie cos responsábeis de AUDASA, e o Ministerio de Fomento, a cesión ao Concello de Redondela, dos terreos e edificios do CEIP Igrexa, dende o momento no que a actividade docente se estea a realizar no novo colexio Igrexa en Chapela.”

INTERVENCIONS:

O sr. Gonzalez Campo dá lectura literal da moción xustificándoa no seus propios termos.

O sr. Fojo Durán considera que as asociacións demandan espazos axeitados e non ilegais, como no caso na anterior moción debatida, aínda que dubida da seguridade do proposta nesta moción pola súa proximidade coa autoestrada e desexa coñecer o custo que podería chegar a ocasionar ao concello.

O sr. Darriba Ferradas dubida do carácter gratuíto da cesión o que podería resultar unha proposta arriscada. Considera que a proposta debería facerse ao Ministerio de Fomento e non a Audasa e podería xerar que fora o concello o encargado do derribo que afecta a gran parte da cesión polo que, entende máis axeitado instar unicamente a cesión das vivendas e non tanto do edificio escolar, tendo en conta ademais que este último formula máis problemas de insonorización.

Engade que o obxectivo é optimizar os espazos aínda que sempre é interesante incrementalo pero sempre que se coñezan claramente o seu mantemento e canon engadido.

Gustaríalle que a proposta se acompañara dun informe sobre a situación legal e técnico onde, entre outros, quedara detallada as afeccións, así como de urbanismo e de intervención sobre os custes que podería supoñer a demolición do edificio do colexio. Neste senso, considera interesante formular que fora AUDASA a que procedera as demolicións polo que suxire a modificación da moción neste senso

O alcalde diríxese ao sr. Darriba e dille que se propón unha modificación da moción debe emendala.

O sr. Darriba resposta que a formulará na segunda quenda de intervencións.



O sr. Reguera Ocampo apoian a conservación e mantemento de edificios pero non entende, no que respecta ao edificio escolar, por que un inmovible preto da autoestrada o consideran axeitado para espazos de lecer que será utilizado por moitos nenos e nenas e que precisamente por este motivo se formulou o traslado do colexio.

Están a favor sen embargo da cesión das antigas vivendas aínda que consideran que debe ser o Ministerio de Fomento quen asuma os gastos de urbanización e o entreguen ao concello xa urbanizado, en calquera caso considera que debería ser tratado no consello parroquial.

O sr. alcalde preguntalle se é unha petición de deixar o asunto sobre a mesa.

A sra. Amoedo Dasilva pregunta se consultaron está moción con algún colectivo ou coa asociación de afectados pola AP9. Estráñalle que o grupo socialista considere neste punto necesario tratalo previamente no concello parroquial e no punto anterior o criticou.

Respecto ás negociacións co Ministerio que piden do Goberno municipal xa se fixeron dende un primeiro momento por parte do alcalde que apoiou sempre a asociación de afectados e grazas as xestións realizadas hai un proxecto de mellora que vai garantir unhas mellores dotacións tendo todo resolto antes incluso de ceder nada.

Engade que si o edificio non é axeitado para as crianzas tampouco o será para os pais e avós e considera que non é o momento de presentar esta moción.

O sr. González Campos manifesta que a cesión poderá chegar a supor un gasto e tamén a remodelación do inmovible que proceda no seu caso pero sempre será máis barato que a merca do inmovible que se tratou no punto anterior.

A necesidade de dotar de espazos a parroquia de Chapela é unha realidade e aínda que na moción non se achegan os informes aos que se refire o sr Darriba hai precedentes e experiencia neste senso como o constata a localización do conservatorio de música nun antigo edificio escolar nunhas condicións máis que dignas.

O sr. Darriba Ferradás reitera que hai que ter en conta a zona de servidume da autoestrada que afecta ao inmovible do colexio polo que formulan a moción en dous puntos, por un lado, o colexio e por outro as vivendas.

O sr. Reguera Ocampo esta a prol da utilización das vivendas dos mestres pero non da instalación do colexio reiterando a manifestado respecto a non idoneidade do edificio escolar para o uso de espaxamento pola súa situación



O sr. Gonzalez Campos acepta a emenda do GPM de AER e do PSOE podendo votarse por separado e quedando a proposta de acordo do seguinte xeito:

1º. Instar ao alcalde-presidente do Concello de Redondela para que negocie cos responsables de AUDASA e o Ministerio de Fomento, a cesión ao Concello de Redondela dos terreos e edificios educativos do CEIP Igrexa, dende o momento no que a actividade docente se estea a realizar no novo colexio Igrexa.

2º.- Instar ao alcalde-presidente do Concello de Redondela para que negocie cos responsables de AUDASA e o Ministerio de Fomento, a cesión ao Concello de Redondela dos terreos e vivendas dos mestres edificios do CEIP Igrexa, dende o momento no que a actividade docente se estea a realizar no novo colexio Igrexa.

Non se producen máis intervencións ao respecto, e polo tanto a Alcaldía somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación do 1º punto da proposta de acordo da moción do grupo BNG relativa a cesión do CEIP Igrexa ao Concello de Redondela presentada por RE núm. 2017-E-RE-365 coa emenda aceptada polo grupo do BNG presentada polo grupo AER.

VOTACIÓN E ACORDO do 1º punto da moción emendada:

Sometido o 1º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta rexeitada, sendo 1 voto a favor do concelleiro do BNG, 6 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito e 13 votos en contra dos que 9 corresponden aos concelleiros do GPM do PP e 4 corresponden aos concelleiros do GPM de AER.

VOTACIÓN E ACORDO do 2º punto da moción emendada:

Sometido o 2º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta aprobada por maioría absoluta con 12 votos a favor dos que 1 corresponde ao concelleiro do BNG, 6 aos concelleiros do PSOE, 4 aos concelleiros do AER e 1 do concelleiro non adscrito a grupo e 9 abstencións dos concelleiros do PP

Sendo as 21:30 horas se fai un receso ata as 22:00 horas

4.3.3. Moción do GPM do PP sobre a concesión do terceiro xulgado ao Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do Partido Popular do día 20.07.2017 con número 361 que se transcribe a continuación:



“Ante á inxuedanza dos axentes xudiciais do Partido Xudicial de Redondela pola situación dos Xulgados, segundo escrito que achegaron no que san constaar que os cidadáns que conforman o Partido Xudicial de Redondela están a sufrir retrasos motivados pola alta carga de traballo que teñen os Xulgados de Redondela. O Partido Xudicial de Redondela ten censados 41.566 habitantes (Fornelos 1.748, Soutomaior 7.251, Pazos de Borben 3.004, Redondela 29.563) e ten somentes dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción. Outros partidos xudiciais como o de Porriño dispón de tres xulgados e conta con 38.902 habitantes. Os Xulgados de Redondela tramitaron no derradeiro ano 5.050 asuntos cada un, o que nos mostra o elevado volumen de traballo que se está a levar a cabo. Este volume xustifica amplamente a necesidade dun terceiro xulgado neste Partido Xudicial

Os Xulgados de Redondela teñen carencias que deberían ser solventadas para un mellor funcionamento do mesmo. Ata agora carecen do sistema de video conferencia supoñendo isto un perxuízo para os usuarios que se teñen que desprazar a outras localidades. Tampoco conta cun servizo propio de Decanato que simplificaría en gran medida o traballo dos empregados deste xulgado e axudaría moito a reducir o papel que se xenera nesta adminsitración.

Por todo o exposto solicitamos se aproben os seguintes acordos:

- 1. A concesión para Redondela, coa maior urxencia posible, do terceiro Xulgado e de maneira subsidiaria e urxente que se tome como medida a opción optada nos Xulgados de Villagarcía de Arousa, que ante a necesidade de dotar ao partido Xudicial dun cuarto Xulgado e ante a falta de orzamento para poder crealo, ampliouse o persoal de traballadores para tentar liquidar a carencia dun novo Xulgado.*
- 2. Conceder un reforzo para o Xulgado Nº1, para paliar a situación insustentable de colapso na tramitación de expedientes, sobre todo nos procedementos de familia e no Rexistro Civil.*
- 3. Na medida do posible ir aumentando o persoal ata conseguir unha estabilidade equilibrada nos Xulgados”*

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo Dasilva dá lectura literal da moción xustificándoa no seus propios termos.

O sr. alcalde intervén para sinalar que hai que engadir ao inicio da proposta “Instar a Xunta de Galicia a que realice os trámites oportunos para a:.../...”

O sr. Fojo Durán sinala que xa se presentaron mocións no mesmo senso pola problemática sinalada e o PP se abstivo. Considera que o texto podería pulirse nalgún detalle como unha necesaria reorganización, coa optimización dos recursos, dotación de maiores medios persoais e materiais que supuxera un reforzo no xulgado número 1 e a concesión do terceiro xulgado e acadar un modelo de planta xudicial como o de Lugo, A Coruña ou Compostela.



O sr. González Campos pregunta sobre as xestións feitas polo alcalde ata de agora respecto deste asunto xa que as carencias vén de longo, xa foron sinaladas na anterior moción a que se referiu o sr. Fojo e se non se presiona non se vai a conseguir maiores medios que permitan unha xustiza de calidade.

O sr. Cano Correa tamén considera salientable o feito de que o Goberno municipal se absterera na anterior moción presentada sobre este asunto e agora a propoñe e critica que non se houbera presentado de forma conxunta por todos os grupos. Xa no ano pasado houbo queixas de sindicatos e empregados e a Xunta negou o reforzo o que evidencia que o PP critica os seus propios recortes.

Relaciona as carencias e insuficiencia de medios que xeran excesiva carga de traballo e malestar entre os funcionarios.

Remata preguntando polas xestións realizadas relativas á execución da sentenza aprobada sobre este asunto no pasado ano.

A sra. Rey Gómez reitera o manifestado respecto da abstención do PP na moción aprobada en xaneiro de 2016 sobre este mesmo asunto, cando, daquela, o PSOE xa advertiu do grave colapso que sobrecarga máis o sistema.

A sra. Amoedo Dasilva clarexa que a moción é presentada por que o decano do colexio de avogados e dos procurados lle trasladan ao goberno a gravidade da problemática e da situación dos xulgados en Redondela. Considera unha boa nova que Galicia conte con catro novos xulgados e que se tivera en conta ao concello de Redondela.

A moción resposta igualmente ás necesidades dos redondeláns e respecto da execución da moción entende que debeu o departamento de secretaria do concello dar traslado aos organismos correspondentes.

Respecto das xestións feitas polo Goberno municipal clarexa que o alcalde persoalmente as realizou con encontros co vicepresidente da Xunta de Galicia nas que lle trasladou a problemática e necesidades no senso sinalado na moción. A situación tamén se puxo en coñecemento do actual Ministro de Xustiza nun encontro que mantivo co alcalde.

O alcalde engade que a intención do goberno era presentar unha moción conxunta e os diferentes grupos recibiron unha chamada neste senso.

O sr. Fojo Durán roga que se engada a moción por a disposición un xulgado de reforzo se non se pode asignar de forma inmediata o terceiro xulgado.



O sr. Gonzalez Campos considera que o goberno no ofrece garantías na xestión deste asunto e o demostra o feito de que os procuradores e avogados insten esta moción o que demostra a gravidade da situación e o nivel de saturación afectando a seus clientes perxudicados pola administración.

O sr. Cano Correa amosa o apoio á moción e recorda as medidas levadas a cabo polo sr. Gallardón na carteira de xustiza que logrou poñer de acordo a todos coa taxa xudicial e a intención da supresión dos xulgados pequenos.

A sra. Rey Gómez considera que a sra. Amoedo non respondeu ás preguntas formuladas no que respecta as xestións realizadas dende o goberno. Entende que a tramitación administrativa da moción está feita e o que preguntas é sobre as concretas negociacións levadas a cabo dende o goberno. Por outra banda, seguen sen entender nin recibir explicacións sobre o cambio de postura do PP de xaneiro de 2016 e agora ven a necesidade cando o propio sector fala de atraso cronicado.

Remata manifestando que a cidadanía teñen dereito a unha xustiza de calidade.

A sra. Amoedo remata manifestando que hai diferenzas claras entre a moción de 2016 e a presentada agora, mentres aquela fala de baixas sen cubrir e malestar, esta fala dunha problemática concreta trasladada polo decano do colexio de avogados e o de procuradores. O PP, a diferenza do BNG, fala cos profesionais

Non se producen máis intervencións ao respecto, e polo tanto a Alcaldía somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do grupo PP relativa a sobre a concesión do terceiro xulgado ao concello de Redondela presentada por RE núm. 2017-E-RE 361 de data 20/07/2017 coa enmenda introducina antes do inicio do debate consistente na engadega de instra a Xunta as peticións contidas na proposta de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a citada moción a votación, resulta aprobada por unanimidade dos membros da corporación municipal, do seguinte xeito:

- Instar á Xunta de Galicia a que realice os tramites oportunos para:
 1. A concesión para Redondela, coa maior urxencia posible, do terceiro xulgado e de maneira subsidiaria e urxente que se tome como medida a opción optada nos xulgados de Vilagarcía de Arousa, que ante a necesidade de dotar ao partido xudicial dun cuarto xulgado e ante a falta de orzamento para poder crealo, ampliouse o persoal de traballadores para tentar liquidar a carencia dun novo Xulgado.
 2. Conceder un reforzo para o Xulgado Nº1, para paliar a situación insustentable de colapso na tramitación de expedientes, sobre todo nos procedementos de familia e



no Rexistro Civil.

3. Na medida do posible ir aumentando o persoal ata conseguir unha estabilidade equilibrada nos xulgados.

4.3.4. Moción do GPM AER sobre a taxa polo servizo de extinción de incendios.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do Agrupación de Electores de Redondela do día 22.06.2017 con número 9.348 que se transcribe a continuación:

“Os Servizos de Extinción, Incendios e Salvamento municipais como o que posúe o noso concello teñen varias liñas de financiamento; a principal soe ser financiamento das institucións públicas, o propio Concello, deputacións, etc.

A maiores, existen outras liñas de financiamento como a que vén a colación nesta moción, que son as aportacións provintes dos cobros das taxas pola prestación do servizo. Para poder cobrar dita taxa, necesítase ter unha ordenanza fiscal, da cal o noso Concello carece.

Este feito estamos a provocar un grave prexuízo, xa que ano tras ano o noso Concello perde uns ingresos moi útiles para mellorar o propio Servizo de Extinción, Incendios e Salvamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e consonte ao que dispoñen os artigos 15 e 20.4.k) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL); o noso Concello pode elaborar unha ordenanza fiscal para esta fin.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela o seguintes acordo:

1.- O Pleno do Concello de Redondela acorda a creación dunha ordenanza fiscal para o cobro das taxas que procedan polo Servizo de Extinción, Incendios e Salvamento .”

(O sr. alcalde auséntase ás 22:50 minutos e substitúeo o 1º Teniente de alcalde)

INTERVENCIÓNS:

O sr. Bastos Devesa presenta unha emenda da moción polos seguintes motivos:

- Por ter coñecemento da existencia dunha ordenanza fiscal no concello que data do ano 1995



- Pola necesidade de engadir un novo punto que completa o manifestado na parte expositiva ao poder facer cálculos polo tempo transcorrido dende a primeira moción ata o momento da súa inclusión na orde do día que permite o debate e a súa votación.

Presenta unhas emendas á parte propositiva do acordo do seguinte xeito:

“Os puntos quedarían da seguinte maneira:

1) O pleno do Concello de Redondela acorda a actualización da “Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Prestación dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios, Prevención de Ruínas de Construcións, Derrubes, Salvamento e outros”.

2) O Pleno do Concello de Redondela acorda iniciar os trámites necesarios para reclamar á UNESPA as contías das contribucións especiais que proveñen do 5% das primas contra incendios dos bens inmobles do Concello de Redondela.”

O sr. Fojo Durán considera que a moción é clara e anuncia o seu apoio.

O sr. Gonzalez Campos considera que hai que facer unha valoración en conxunto das taxas e considera que se os servizos están en precario é responsabilidade do equipo de goberno, debendo, no presente caso, ser sostido por outras administracións.

(Incorpórase o alcalde ás 22:55).

A sra. Rivas Gómez considera que o servizo de emerxencias de Redondela actualmente non é suficiente e, polo tanto, non entende como se vai cobrar. Actualmente a dotación é de tres membros o que considera de todo punto insuficiente xa que hai días que non pode ser prestado, pola necesidade de cubrir vacacións, ausencias temporais ou a necesidade de acudir a outros parques municipais, polo que debería darse de baixa no 112.

Remata reclamando a dotación de medios para garantir a prestación dun servizo en condicións.

O sr. González Barbeiro clarexa que o servizo é practicamente financiado na súa totalidade polo concello xa que a achega da Deputación é mínima e só de material. Considera que a moción debería ser máis un rogo.

Engade que os servizos económicos do concello descoñecían a existencia da ordenanza fiscal.

Considera que o PSOE perdeu unha oportunidade ao votar en contra do GES e considera ao concelleiro de AER cómplices disto por deixar pasar esta



oportunidade responsabilizándoos desta situación.

O sr. Bastos Devesa manifesta a necesidade de liquidar estas taxas previstos na lei e engade que quen o leva é o consorcio, non entendendo por que o concello non ten subscrito o correspondente convenio con eles.

Respecto da preocupación manifestada polo sr. González de que sexan os veciños quen soporten o custo económico a través das taxa, clarexa que son as entidades aseguradoras as que den pagar e así o pon a ordenanza fiscal de Sanxenxo, Vigo, Pontevedra e o propio consorcio de Pontevedra. Engade que a única maneira de que os veciños non paguen e que Redondela sexa capaz de cubrir o servizo por si mesmo e salienta que cando o GES do Porriño ou os bombeiros de Vigo ten que cubrir o servizo en Redondela se que supón un custe para os cidadáns.

Remata manifestando que a moción pretende dar a entender que estes servizos se financian polas administracións superiores (Estado, Deputación etc.).

O sr. González reitera a necesidade de darlle un enfoque global xa que é certo que pagan as aseguradoras pero non todas as vivendas están aseguradas e ao final se carga o custe do servizo sobre os veciños.

Considera que a situación actual é resultado dunha mala xestión.

A sra. Rivas Gómez sinala que a Deputación presta o servizo nos concellos de menos de 20.000 habitantes e nos de mais de 20.000 deben ser os propios concellos os que presten o servizo por ser competencia obrigatoria.

Respecto do GES critica a xestión leva a cabo polo presidente da Xunta de Galicia na reprogramación deste servizo que afecto a toda a comunidade autónoma, con contratacións sen procedementos polo que o PAOE non podía prestar o seu apoio.

Considera que o servizo estaba peor que nunca e propón deixar a moción sobre a mesa.

O sr. González Barbeiro resposta que o causante da destrución do GRUMIR foi o PSOE pola incorrecta contratación do persoal e sábeno, mentres que o actual Goberno fixo procedementos limpos e o actual equipo fai un traballo moi produtivo e insta aos concelleiros da oposición a ser máis dialogantes e traballen a prol de Redondela.

O alcalde fai unha segunda chamada de atención á sra. Rivas.

O sr. Bastos Devesa reitera que non hai intención de que as taxas sexan repercutidas na veciñanza e, neste senso, pon de exemplo aos concellos limítrofes



que prevén nas súas ordenanzas exencións e o certo e que o concello debe actuar e regular este servizo.

A moción non se presentou antes por que entendían que o servizo sería prestado a través da área metropolitana e a corto prazo non vai a revivir.

Remata manifestando que AER puxo encima da mesa un convenio con Vigo para a prestación deste servizo a través do GES que. Aínda que discutible a caro, garantía súa prestación e agora propón esta outra alternativa. Por último, anuncia que poderá votarse por puntos.

Non se producen máis intervencións ao respecto, e polo tanto a Alcaldía somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación do 1º punto da proposta de acordo da moción do grupo AER relativa a sobre a taxa polo servizo de extinción de incendios presentada por RE 2017-E-RC-9348 de data 22/06/2017 coa enmenda anunciada polo propio grupo proponente ao inicio da deliberación.

VOTACIÓN E ACORDO do 1º punto da moción emendada:

Sometido o 1º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta rexeitada, sendo 5 votos a favor dos concelleiros de AER e do concelleiro non adscrito a grupo, 7 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e do concelleiro do BNG e 9 votos en contra dos concelleiros do GPM do PP.

VOTACIÓN E ACORDO do 2º punto da moción emendada:

Sometido o 2º punto da moción emendada a votación, a proposta resulta rexeitada, sendo 5 votos a favor dos concelleiros de AER e do concelleiro non adscrito a grupo, 7 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e do concelleiro do BNG e 9 votos en contra dos concelleiros do GPM do PP.

4 . 4 Rogos e preguntas.

ROGOS:

Rogo AER relativo varios asuntos (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-2).

"1) Sobre convenios coa administración local. No pasado mes de xullo levouse a pleno unha pregunta sobre a moción de AER sobre convenios coa administración, que versaba da seguinte maneira: No pleno do 26 de decembro de 2016 aprobouse a moción o regulamento para os convenios coa administración local, sendo o acordo o seguinte: "Elaboración dun regulamento que defina un procedemento xusto, universal, regulado e obxectivo para a canalización de propostas de convenios, a composición dunha comisión plural para a avaliación das propostas, o



establecemento de criterios baremables que establezan o interese xeral, entre outros aspectos, todo isto de cara ao establecemento de convenios da administración local con terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.” Estando a piques de entrar no tramo final do ano e xusto no momento en que tocará traballar sobre os convenios para o ano 2018, tendo constancia que hai entidades que xa preguntaron sobre o regulamento que en Redondela rexen os convenios e como acceder a elas, preguntamos: Conta o goberno local cunha proposta de regulamento sobre os convenios coa administración local, e de ser así, poderían proporcionar copia do mesmo? A resposta dada, segundo o que se reflicte na acta, foi a seguinte; “A sra Amoedo Dasilva: Nas xuntanzas para esta cuestión a conclusión era que dado o especial de cada colectivo co que se facía estes convenios se trataría de falar con cada un deles para aumentar a formación. Non se falou de regulamento e non sobre as áreas sociais senón as deportivas para ter un modelo para todas igual.” Resposta que unha vez contrastada coa información que temos das respectivas comisións do presente ano onde se trataron convenios coa administración, non corresponde exactamente co que se foi comentando nas susoditas. Nelas falouse de que este ano (2017) xa non daba tempo a cumprir coa moción aprobada e a establecer ese regulamento ou bases, e que levaría o seu tempo, polo que non serían operativas para este ano (Comisión de facenda do 23-01-2017). Entendíamos, polo tanto, que de momento se deixaría para aplicar a moción o ano que ven (2018). Na Comisión de Facenda de data 01-02-2017, AER indica que segundo esa moción, as memorias dos convenios deberían cumprir unha serie de criterios consensuados, facendo un expositivo dalgúns a modo de proposta. Estes criterios foron remitidos posteriormente oficialmente por rexistro. En vista da proximidade do ano 2018, e tal como se comprometera o goberno local, rogamos que se dea cumprimento á moción: - Establecendo uns criterios a cumprir polas propostas de convenios coa administración local. - Redactando unha proposta de regulamento nos termos definidos na moción, que marquen os criterios de selección de convenios. - Creación da comisión plural que avalíe os convenios, tanto para a súa selección, como para establecer melloras ou as modificacións oportunas na redacción de acordos entre as partes. - Que se dea cumprimento da moción neste último trimestre de 2017. ”

Resposta:

O alcalde: toma nota

“2) Sobre os criterios de admisión en cursos e actividades municipais. No pleno do 22 de febreiro de 2016 aprobouse por maioría a moción de AER sobre o programa municipal de conciliación. Entre os acordos acadados, atopábase o seguinte: “1.- Que nos programas de conciliación laboral e familiar se establezan como criterios prioritarios de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar.” Así pois, dende o ano pasado, o procedemento de admisión de participantes no programa municipal de conciliación regulouse segundo os criterios propostos en base a moción de AER. Uns criterios máis xustos e equitativos que a



simple "orde de entrada en rexistro", establecendo grupos de prioridade de solicitantes: Grupo 1.- a) Familia monomarental/monoparental coa persoa proxenitora en situación de emprego. b) Familias cunha persoa dependente ao cargo con grado 2 ou 3 de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia. Grupo 2. - Familia na que as dúas persoas proxenitoras están empregadas. Grupo 3. - Familia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de emprego. Grupo 4. - Calquera outro suposto. Dende AER demandamos en varias ocasións que tódalas actividades e cursos municipais adoptasen criterios semellantes, ou como mínimo, a selección mediante sorteo de tódolos inscritos, para así evitar que o criterio da rapidez en meter un rexistro a primeira hora da mañá fora decisivo, por ilóxico e inxusto. Sorpréndenos pois que na actualidade se siga mantendo este inxusto e ilóxico criterio de "orde de entrada de solicitude de inscrición ou solicitude" en diversas das actividades e cursos con prazas limitadas que organiza o concello. Ou sexa, atopámonos que nalgúns cursos ou servizos aplícanse uns criterios e noutros outros criterios totalmente antagónicos. Rogamos que en tódolos cursos e actividades organizados polo Concello de Redondela se establezan como criterios prioritarios de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar, así como a necesidade específica do solicitante do curso en cuestión. "

Resposta:

O alcalde: toma nota

"3) Sobre difusión de anuncios didácticos e de educación para a cidadanía en Radio Redondela. Aproveitando que Redondela conta cunha radio municipal pública e en virtude da potencialidade de difusión que ten, podendo ser unha ferramenta práctica de transmitir valores en educación para a cidadanía en eidos diversos como o medio ambiente, deberes e dereitos sociais, corresponsabilidade na mellora da convivencia no concello, etc. A modo de exemplo poderíamos indicar temas de interese social como:

- A praga da velutina.
- Obrigas de limpeza de monte no entorno de casas.
- Denuncia e prevención da violencia de xénero.
- Respecto intercultural.
- Coidado do medio urbano.
- Respecto do medio ambiente: ríos, praias, montes, etc.
- Promoción condutas pro cidades amigas da infancia/ cidades dos nenos.

Rogamos se deseñen e se emitan anuncios cun carácter predominante de educación para a cidadanía a través da Radio Municipal de Redondela. "

Resposta:



O alcalde: toma nota

“4) Sobre as podas salvaxes do arborado urbano. Son habituais nos últimos anos as podas drásticas das árbores caducifolias neste concello. Estas árbores, ao non ter folla no inverno deixan pasar o sol, e no verán, ao estar provistos de follaxe, protexen do mesmo. Entendemos que esta característica é o que fai habitual a plantación deste tipo de árbores nos espazos públicos. Con estas podas salvaxes o que se consegue é que no verán a sombra que dan sexa escasa xa que a copa da arbore é incapaz de acadar o desenvolvemento necesario. Esta circunstancia pode observarse cada verán, entre outros, no parque infantil da alameda que provoca que pola tarde, en vez de ser un espazo de lecer para as crianzas, se converta nun auténtico forno. Estas cortas violentas danan en demasía ás árbores. Facer un demoucado (cortar o tronco principal) ou un terciario (quitar a terceira parte das polas ou dous terzos segundo distintas escolas de xardinería) é practicamente destrozar a árbore. Nunha árbore normal o que habería que facer é quitar as pólas que están secas ou enfermas e, practicamente, deixalo expresarse de xeito normal. Cos cortes o único que se fai son unhas feridas moi grandes polas que entran virus e fungos e ao cabo do tempo terase unha árbore podre, que ao primeiro vento perderá pólas ou caerá. Algún caso de caídas de árbores xa temos vivido en Redondela, ademais de observar dende hai tempo diversos exemplares na Alameda bastante debilitados polas podas salvaxes ás que foron sometidas durante anos. Outra cuestión importante é a época de poda, que na maioría dos casos non se axusta aos momentos máis idóneos para a especie, podándose en numerosas ocasións ben avanzada a primavera, momento en que a árbore xa debera estar cos brotes das novas follas. Así pois, rogamos que as podas, de ser necesarias, se fagan na época adecuada, e sexan podas de limpeza e non auténticos demouques; e se teña especial coidado en manter a sombra nos parques infantís, paseos urbanos e zonas de parques e aparcamentos das praias e áreas de paseo e ocio ao aire libre.”

Resposta:

O alcalde: toma nota

“5) Sobre as traídas de augas. Actualmente en Redondela, igual que en numerosas localidades de toda Galiza, atopámonos nunha situación delicada en canto ao subministro de auga potable á poboación, con importantes restricións e limitación en diferentes parroquias. Diversas Comunidades de Augas están reducindo o volume a consumir por comuneiro e nalgúns casos atópanse mesmo na situación de cese de subministro.

Con motivo desta situación, o actual Concelleiro de Medio Ambiente foi entrevistado en medios de comunicación para informar sobre a situación en Redondela, chamando a atención algunhas das declaracións ata agora non desmentidas:



La Voz de Galicia do 25/08/2017

Fuentes de la alcaldía de Redondela pusieron de relieve que los problemas de suministro solo afectan a casas que reciben agua de traídas particulares y que no se trata de un problema general de toda la parroquia. Las viviendas conectadas a la red general del municipio reciben agua en perfectas condiciones. «Yo vivo en Quintela y no tengo problemas», señala Susana Cabaleiro.

El teniente de alcalde puso de relieve que **los problema de suministro se dan en traídas particulares que se construyeron para no tener que pagar el recibo** y que no tienen los sistemas de bombeo adecuados para garantizar el suministro en caso de bajada del nivel freático. En Redondela existen al menos una docena de sistemas particulares en diferentes barrios rurales.

La Voz de Galicia do 26/08/2017

En todo el municipio hay millares de personas que no están enganchadas a la red general de abastecimiento. En su día diferentes grupos de casas se construyeron las tuberías de suministro explotando acuíferos y manantiales situados en sus parroquias. «Les salía más barato y hasta ahora nunca han tenido ningún problema porque siempre había agua», relata el teniente de alcalde, Miguel Ángel Álvarez.

La Voz de Galicia do 30/08/2017

El teniente de alcalde, Miguel Ángel Álvarez, señala que están pendientes de una reunión con las comunidades de aguas de las diferentes parroquias. Álvarez hace un llamamiento a la responsabilidad porque sostiene que en muchos sitios del rural se está gastando el agua alegremente porque «el precio que pagan por ella es muy bajo».

Como veciños que somos, algúns de nós mesmo membros de Comunidades de Augas, dende AER queremos informar que:

- Os comuneiros construímos as traídas porque daquela non existía ese servizo no rural e se a administración local non era quen de solucionar as necesidades da veciñanza, a veciñanza organizábase para autoxestionar os recursos e ter acceso a un servizo básico como a auga potable.
- Os comuneiros pagamos anualmente o noso recibo para o mantemento das nosas traídas. Ademais establécese unha cota de enganche que tamén temos que aboar no momento de solicitar a alta.
- Os comuneiros en moitos lugares gastamos o noso tempo, que obviamente ten o seu valor aínda que parece que para algúns non sexa así, realizando coas nosas mans limpeza dos depósitos, das captacións, realizando pequenos arranxos, etc. Ademais, no momento da construción da traída, os comuneiros fundadores traballaban arreo facendo eles mesmos os depósitos, a instalación das tubaxes, picando a pedra para poder instalar as canalizacións, todo isto no seu escaso tempo libre as tardiñas e nas fin de semanas.
- Os comuneiros organizanse de tal xeito que existe unha xunta rectora que xestiona as traídas, normalmente rotativa polo que tódolos veciños comuneiros/as



van ao longo do tempo asumindo esa responsabilidade. Responsabilidade, por certo, sen ningún tipo de remuneración económica.

- A afirmación de que a constitución dunha comunidade de augas parroquial para autoxestionar o recurso hídrico sae máis barato que engancharse á rede xeral de abastecemento privatizada é unha falacia. Daquela na maioría das parroquias non existía acceso á susodita rede municipal de abastecemento nin se lle esperaba, e que sexa máis barato non está amparado en ningún estudo minimamente rigoroso que puidese ter consultado.

- No rural non se gasta auga alegremente porque o prezo sexa moi baixo. No rural sabemos o que custa a auga e dásele exactamente o mesmo uso que se lle dá na zona urbana, coa excepción que non baldeamos as rúas. No rural cando se observa que hai escaseza de auga establécese de xeito sensato unha limitación mensual por vivenda, que é debidamente controlada. Os comuneiros de xeito sensato limitan ou cesan os usos secundarios para así poder manter o subministro.

Así pois, dende AER rogamus que corrixa publicamente estas desafortunadas declaracións ou, no caso de que non fosen tales senón unha interpretación do medio de comunicación, que o faga constar publicamente. Do mesmo xeito, rogamus que o Concello actúe coa máxima celeridade posible en conivencia coas comunidades de augas para poñer á súa disposición os recursos e medidas oportunas para axudas aos miles de veciños comuneiros que están chegando a situacións críticas en canto o subministro de auga potable.”

Resposta: O sr. Álvarez Ballesteros sinala que das conversacións mantidas cos medios de comunicación se fan resumes que non son de todo certos. É coñecedor tamén da problemática das comunidades de auga e falou con varias delas sobre o asunto. Haberá apoio dende o concello.

O alcade intervén para manifestar que bota en falta o apoio da Deputación.

PREGUNTAS:

Preguntas AER relativo varios asuntos (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-3).

“1) Sobre criterios de promoción de eventos na web pública do Concello. A páxina web do Concello de Redondela publica habitualmente todo tipo de actividades organizadas pola propia administración local para darlle a visibilidade que este medio de comunicación ofrece entre os internautas. De xeito periódico, tamén publicitan actividades e eventos doutras administracións, eventos de asociacións sen ánimo de lucro e nalgúns casos ata espectáculos privados. Tendo constancia feaciente da existencia de eventos consolidados na escena cultural de



Redondela que non se divulgaron a través da web municipal. Deixando claro dende AER que nos parece oportuno que na web municipal se publiciten obviamente os eventos organizados polo Concello de Redondela, os eventos onde colabora ou subvencione o propio Concello de Redondela, mesmo os eventos de carácter público e aberto de entidades sen ánimo de lucro, preguntamos: Cales son os criterios establecidos polo goberno local á hora de determinar que eventos ou actividades se divulgan a través da web municipal de Redondela e cales non?"

Resposta: O sr. Mougán Vázquez resposta que o criterio resposta a capacidade da propia web e a diversidade da programación que fai necesario optimizar espazo para garantir a maior información posible a través da mesma xunto coa necesidade de anunciar ás administracións patrocinadoras.

"2) Sobre a taxa da recollida do lixo. A ordenanza en vigor para esta taxa di no punto 1.2.4:

"A cota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 35,00 euros/ano."

É coñecida por un bo número de veciños e veciñas a modificación da taxa do lixo que acostumaban a pagar. Dita modificación foi recorrida no Concello por moitos deles, sendo rexeitados ditos recursos por continuas resolucións de Alcaldía.

Gran parte dos recorrentes argumentaban que a distancia da súa casa ata os contedores do lixo era superior ós 100 metros que establece a ordenanza e, consecuentemente, correspondíalles unha taxa reducida en vez da completa que se lles estaba a remitir.

Unha detrás doutra foron denegadas as apelacións ata que un grupo de veciños do barrio da Telleira decidiron acudir ós tribunais.

Insistía o Sr. alcalde e os servizos xurídicos do Concello, en contra do que dita o sentido común, que a distancia non debería entenderse ata os contedores senón "ata a zona de recollida". Ninguén entende nin entendía o significado de zona de recollida, porque dito así todo o concello é zona de recollida e ninguén estaría fóra dela. Así llo fixemos saber no pleno do 30 de abril 2015 nunha comparecencia ao alcalde solicitada por AER sobre este tema.

Na sentenza 00190/2016 o xuíz do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo recóllese: "... fácil es interpretar que cuando la Ordenanza se refiere a "zona de recogida" está asimilando la expresión a "punto de recogida", pues la otra interpretación es absurda: no basta con que los vehículos utilizados por la concesionaria transiten por la "rúa ou lugar" donde el vecino tiene su domicilio. La utilidad del servicio viene dada porque ese vehículo se detenga para recoger los residuos en la "rúa ou lugar donde habita el sujeto pasivo y esa recogida se localice a menos de cien metros de su casa. Como también puede ocurrir que un ciudadano tenga su vivienda en un "lugar", no en una calle, por el que no transite el vehículo de



recogida pero cuente con contenedores a menos de cien metros de distancia: evidentemente, estará sujeto al pago de la cuota ordinaria”

CONCLUSIÓN: OS DEMANDANTES TEÑEN DEREITO Á COTA REDUCIDA CANDO A DISTANCIA DENDE A SÚA VIVENDA ATA OS CONTEDORES SEXA SUPERIOR ÓS 100 m.

Coñecendo que a pesar da sentenza, nos se lles reintegrou o pagado a maiores á veciñanza que non denunciou xudicialmente. Coñecendo que, polo menos, unha das familias afectadas reclamou por rexistro a devolución do pagado de máis e non tivo resposta, preguntamos:

Non se lle deu resposta á petición desta familia (rexistro de entrada Nº 2017-E-RC-3104) porque a intención do alcalde é obrigar á veciñanza afectada a recorrer a vía xudicial como tiveron que facer unha parte da veciñanza da Telleira?”

Resposta: O sr. Álvarez Ballesteros resposta que existen reclamacións que se están tramitando e resolvendo e simultaneamente se solicitou un informe de URBASER respecto da situación dos contenedores.

“3) Sobre Aqualia. *Hai un ano presentamos unha moción para que se procedera a denunciar o contrato de abastecemento e saneamento e impedir unha posible prórroga. Ao tempo, instamos a iniciar os estudos necesarios para a análise de cumprimento do establecido nas cláusulas do contrato e as ofertas de mellora, así como das contas que Aqualia nos presenta.*

A día de hoxe estamos igual que hai un ano. O día 4 de abril de 2017 preguntamos por rexistro polos novos abonados de auga e saneamento. O 6 de xuño, tamén por rexistro, preguntamos pola situación das concesións de captación de augas pertencentes ao concello. O mesmo día, noutro rexistro, preguntamos pola parte das facturas emitidas aos usuarios que se correspondían co Canon que debe recibir o Concello. Ante a falta de resposta, o 4 de agosto de 2017 solicitamos que se nos facilitase a documentación que acreditara que dita información estaba solicitada á empresa concesionaria. Tampouco temos resposta. O día 8 de agosto de 2017, solicitamos acceso ao expediente xerado por estes rexistros mencionados. Seguimos sen resposta.

Preguntamos: Teñen vostedes iniciado algún trámite ao respecto e en caso afirmativo, facilitarannos o acceso á documentación que o acredite? ”

Resposta: A sra Amoedo sinala que moita desta información se traslada a comisión informativa de servizos privatizados. Por outra parte, se decidiu no pleno solicitar estudos sobre la remunicipalización a maioría de empresas coas que contactaron se negaron a realizar este traballo.

As solicitudes se van respostando a medida que se tramitan.

“4) Sobre a piscina municipal de Chapela. *No seu día, solicitamos que se fixera inventario dos bens e dotación da piscina de Chapela. Na medida en que ditos bens*



son, na actualidade, propiedade do Concello e considerando que se vai proceder a unha nova concesión para a xestión de dito ben público, preguntamos teñen vostedes constancia inventariada desas dotacións? ”

Resposta: A sra. Amoedo sinala que o inventario se faría no procedemento correspondente. Respecto a concesión recorda que se fixo proposta de adjudicación que é menos vantaxosa que a da actual concesión.

“5) Sobre a creación do Consello Municipal da Cultura.

Corresponde a rexistro presentado o 02/08/2017 e non contestado.

AER ten entre as súas demandas a creación dun Consello Municipal da Cultura. Esta petición fora recollida no seu día polo anterior Concelleiro de Cultura amosado a súa intención de levalo a cabo.

Preguntamos: Poderían informar acerca do estado actual e dos vindeiros pasos para a creación do Consello Municipal da Cultura de Redondela, de carácter consultivo con capacidade para:

- *Establecer liñas de actuación no eido cultural.*
- *Participar na elaboración do orzamento anual para Cultura. ”*

Resposta: A sra. Paris Blanco estima que non e oportuno levalo adiante agora porque a cultura , as asociacións, colectivos e as actividades teñen unha vida e dinamismo que funcionan por se mesmo. Por outra banda sinala que e a creación deste órgano esta regulamentado e deben representar a todos os grupos e plantexar estratexias. Engade que é precisamente na área da cultura onde a presenza política debe ser mínima xa que ven dada a través do tecido asociativo e o segmento cultural e social.

Preguntas PSOE relativo aos carteis do entroido verán (Rex. Entrada 06.09.2017, 2017-E-RE-474).

“No pasado Entroido de Verán e froito das anteriores queixas do partidos da oposición no referente á sensibilización neste evento no pleno de xullo, o Goberno Municipal do PP ordeou colocar uns folios A4 espallados e con pouca visibilidade pola Alameda. Nestos folios, utilizábanse prexuízos dos roles de xénero, un monicreque azul en pantalóns e outro rosa en falda. Cunha imaxe contraditoria a unha mensaxe que non transmitía nada claro e sen englobarse dentro de ningunha campaña, senón mais ben froito da improvisación.

PREGUNTAS:

Quen mandou realizar ditos folios para o Entroido de Verán? A persoa que mandou realizar ditos folios tivo en conta a opinión dun técnico ou técnica de igualdade? Quen levou a cabo dita tarefa?

Resposta: A sra. Paris Blanco resposta que nesas datas o persoal técnico estaba de



vacacións. A campaña pretendía que a información chegara a maior poboación. Estas imaxes son pictogramas de igualdade e as usan moitas institucións, entre elas, da Cadena SER.

Preguntas PSOE relativo aos **Campamentos Urbanos e da Illa de San Simón** (Rex. Entrada 06.09.2017, 2017-E-RE-475).

“Durante anos, o Concello de Redondela organizaba campamentos urbanos e campamentos na Illa de San Simón para os nenos e nenas de Redondela. Este pasado verán, ningún dos dous tipos de campamentos realizáronse. Cabe resaltar que moitos dos nenos e nenas que quedaban fóra dos campamentos de conciliación tiñan outra opción nos campamentos urbanos. Ademais, moitos dos concellos lindeiros como o Concello de Soutomaior realizaron campamentos da Illa de San Simón.

PREGUNTAS:

Por que non se realizaron os campamentos urbanos e os campamentos na Illa de San Simón cando para outros concellos está xestión é posible?”

Resposta: A sra. Amoedo resposta que o campamento do ano San Simón quedou deserto por que as propostas non se axustaban aos pregos. Haberá que cambiar os pregos para que as empresas se animan a participar.

Os urbanos paso unha cousa similar e houbo diferencias nos informes e decidiuse polos servizos xurídicos do concello que non se podían adxudicar así.

Preguntas PSOE relativo ao **Plan de Evacuación do CEIP Igrexa** (Rex. Entrada 06.09.2017, 2017-E-RE-476).

“Hai dous meses, comezaron coa demolición dunha parte do CEIP Igrexa sen os estudos pertinentes que garantan a seguridade do alumnado e profesorado que comezara este mes as clases. Os estudos estruturais e plan de evacuación no referente á seguridade quedou nunha promesa para o 11 de setembro, xusto cando o alumnado comezaba as clases.

PREGUNTAS:

Cando se realizarán os estudos estruturais e o plan de evacuación do CEIP Igrexa? En caso de que xa se fixeran na data deste pleno, cal foi o resultado de ditos estudos?”

Resposta: O sr. González Barbeiro resposta que se fixeron.

Preguntas PSOE relativo as **Oficinas Pechadas Omix e Omic** (Rex. Entrada 06.09.2017, 2017-E-RE-477).



“Dende o 27 de xullo a Oficina de Información ao Consumidor (Omic) e a Oficina Municipal de Información Xuvenil (Omix) atópase pechada. Por esta razón e por non ter en conta as vacacións previstas do persoal do concello ademais dunha baixa, moita da nosa cidadanía tivo que trasladarse a facer trámites a concellos lindeiros como Pazos de Borbén ou Vigo.

Temos que recordar que preto do comezo das clases, a Omix entre as súas tarefas posúe a de axuda e orientación para xóvenes no referente a bolsas educativas, cursos e emprego. No Omic, a cidadanía, entre outra moitas cousas, pode poñer reclamacións. Estas últimas aumentaron despois da importante caída que sufriu un servidor telefónico.

Moitas persoas aproveitan o período vacacional para facer trámites xa que normalmente traballan ou estudan de mañá e cando acudiron á administración local, viron afastado un servizo debido á pouca planificación do equipo de goberno.

PREGUNTAS:

Por que o Goberno Municipal do PP mantivo pechada a Omix e a Omic durante máis dun mes? O Goberno Municipal do PP tiña prevista substitución do persoal que collía vacacións a finais de xullo?”

Resposta: A sra. Amoedo resposta que, por regra xeral, o persoal non se substitúe por uno novo e os compañeiros fan traballos complementarios para cubrir a ausencia provisoria. Había outra persoa na OMIX que lle axudaría na tramitación. Se é un caso moi dificultoso se podería consultar con outras oficinas.

Preguntas PSOE relativo a Contestación Rexistro Obras Urbanización Camiño Coto de Asnelle de Abaixo (Rex. Entrada 06.09.2017, 2017-E-RE-478).

“O 14 de agosto de 2017, o Grupo Municipal Socialista de Redondela meteu por rexistro unha serie de preguntas referentes a unhas obras de urbanización no Camiño do Coto de Asnelle de Abaixo á altura do número 44 onde se solicitaba: o acceso ao expediente 142/2015 (2015000199) e a información en relación a se as obras de urbanización executadas polos operarios municipais sufragáronse co importe do aval presentado ante a negativa do titular a levar a cabo ditas obras de urbanización.

PREGUNTAS:

Vai a responder o Goberno Municipal do PP ao rexistro presentado polo PSdeG-Redondela do 14 de agosto de 2017? E Cando ten pensado o Goberno Municipal do PP responder a dito rexistro?”

Resposta: A sra. Amoedo resposta que se lle deu acceso ao sr. Reguera ata o día 18 e voltou a pedir acceso a sra. Rey cando aínda tiña acceso o sr. Reguera.



E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde remata a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-